

## BOLETÍN 1

# Vº CAMPIONATO PROVINCIAL DE ORIENTACIÓN PEDESTRE *RIBADAVIA 2013<sup>1</sup>*

**ORGANIZACIÓN:** Servizo Provincial de Deportes e Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

**DATA:** *Xoves 21 de marzo de 2013.*

**LUGAR:** Parque do Xestal-A Veronza en Ribadavia. A zona de saída e meta estará ubicada dentro do Campo de Fútbol vello. A zona de cuarentena será nas gradas, onde terán que permanecer obrigatoriamente os participantes fóra de competición durante o trancurso da proba.

**HORARIO:**

- 10:30: Apertura da secretaría no Campo de Fútbol vello do Xestal (entrega de dorsais e tarxetas de control).
- 10:45: Breve explicación da carreira.
- 11:00: Saída do primeiro participante.
- 14:00: Entrega de medallas.


**MODALIDADE:** Carreira *Sprint* en Parque (*Park-O*). Modalidade de orientación en liña -o participante terá que pasar por todos os controis seguindo obrigatoriamente a orde numérica- con saída individual contrarreloxo.

**ATENCIÓN:** Haberá moitos controis próximos, polo que é moi importante comprobar o código-número de baliza. O tempo estimado para o/a gañador/a en cada categoría estará entre 12 e 14 minutos, segundo indicacións I.O.F..


---

<sup>1</sup> **CLASIFICATORIO PARA O CAMPIONATO GALEGO A CELEBRARSE NO MAPA DE O SALGUEIRAL (BARCO DE VALDEORRAS) O VENRES 26 DE ABRIL.**

**TERREO:** Parque semiurbano cunha boa rede de camiños; bosqueciños con boa penetración e abundancia de terreo aberto, alternando con zonas de repoboación e axardinadas.. Mapa homologado a escala 1:4000 con equidistancia de 2.5m, realizado por Javier Arufe Varela en decembro de 2012.



*Exemplo da zona de saída e meta*



*Parte do mapa que inclúe a zona urbana na que estan incluidos os centros educativos próximos. Toda esta zona quedará fóra dos límites da competición.*

## CATEGORÍAS E PERCORRIDOS

PERC.	CATEGORIAS	DISTANCIA	DESNIVEL	Nº CONTROIS
1	INFANTIL FEMININO (99/00)	0,9 km	28 m	8
2	INFANTIL MASCULINO (99/00)	1 km	24 m	9
3	CADETE FEMININO (97/98)	1,1 km	34,5 m	8
4	CADETE MASCULINO (97/98)	1,5 km	50 m	11

*Estas distancias, desniveis e número de controis son orientativos e expoñense a modo de exemplo. Corresponden aos do curso pasado.*

**INSCRICIÓNS:** Para formalizar a inscrición definitiva nesta proba a entidade terá que estar preinscrita<sup>2</sup> na **ACTIVIDADE DEPORTIVA de Orientación**, introducindo os datos de equipos e participantes, neste apartado do programa XOGADE: (<http://deporteescolargalego.com/>). Para máis información sobre este aspecto, dirixirse ao Servizo Provincial de Deportes (horario de mañá) chamando ao teléfono 988 386 050 ou no correo: [deportes.ourense@xunta.es](mailto:deportes.ourense@xunta.es)

A inscrición definitiva para o Campionato Provincial enviarase -na folla Excel que se adxunta- a estes dous correos electrónicos simultaneamente:

[orientaourense@gmail.com](mailto:orientaourense@gmail.com)

[deportes.ourense@xunta.es](mailto:deportes.ourense@xunta.es)

O prazo para formalizar a inscrición rematará ás 14h do Xoves 14 de marzo. Admitirase un máximo de 200 participantes en total no campionato. En caso de sobrepasar esta cifra farase un reparto proporcional entre os solicitantes. A listaxe definitiva de inscritos aceptados enviarase ás entidades o luns anterior á proba.

<sup>2</sup> O prazo de preinscrición está aínda aberto durante o mes de marzo.

## **SEGURIDADE:**

- A proba celebrárase nunha zona peonil sen tráfico de vehículos a motor, pero ocasionalmente pode aparecer algun ciclista ou paseante.
- Esta totalmente prohibido achegarse á beira do río. Non haberá ningunha baliza a menos de 5 metros do borde do cauce.
- Lémbrese a todos os participantes que estan obrigados a cumprir as normas de circulación vial. Non se pode transitar pola estrada de servizo baixo pena de descalificación. Aparecerá marcada con cruces moradas.
- Coidado coas escaleiras e pequenos cortados que se poden atopar nalgunhas zonas do terreo.

**SISTEMA DE CONTROL:** Por medio de Pinza Tradicional e Cartón de Control.

## **REGULAMENTO:**

- Durante a competición os participantes fóra de competición, non poderán saír da zona de concentración, sita nas gradas do Campo de Fútbol vello.
- Únicamente se permite o uso da búa analóxica como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Non esta permitido o uso de calquer dispositivo electrónico.
- Non se permitirá a saída de corredores **sen o seu dorsal**.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. *Balizas de distintos percorridos moi próximas. Ollo ó código da baliza!*
- **É obrigatorio pasar pola meta**, aínda que se produza o abandono, para que lle conste ao persoal da organización.
- Non esta permitido seguir a outros/as participantes.
- Non esta permitido falar con outros/as participantes.
- Hai que respectar ás normas de circulación vial.
- Na meta recolleraselle o mapa a cada participante. Despois da saída do derradeiro, se poderá recuperar de novo.

Calquer aspecto non recollido nas normas anteriores regularase a través dos correspondentes regulamentos da modalidade O-Pé da AGaCO, FEDO e IOF.

## CLASIFICACIÓN PARA O CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR

Quedarán automáticamente clasificados para o Campionato Galego Escolar -a celebrar o xoves 26 de abril no **Parque do Salgueiral-Malecón do Barco de Valdeorras**- os participantes que ocupen os 12-13 primeiros postos de cada categoría, agás indicación en contra do responsable de cada entidade.

### ACCESO Á ZONA DE COMPETICIÓN

A imaxe inferior amosa a entrada vindo desde Ourense pola A-52.



**ATENCIÓN:** A zona de aparcamento dos autocares será na rúa do Xestal que discorre paralela ao río a carón da área deportiva, arredor de onde aparece o globo coa letra B. É o mesmo lugar onde se celebran habitualmente as competicións escolares de Campo a Través da Agrupación Deportiva Escolar do Ribeiro.

A zona da competición aparece na seguinte foto delimitada pola liña vermella. A zona de saída e meta estará no campo vello de fútbol, sobre o que esta sobreimpresso un triángulo morado. Na zona SO do foto estan ubicados os centros educativos CPI Tomas de Lemos e IES de O Ribeiro, a carón dun Pavillón Municipal.



### **SIMBOLOXÍA. DETALLES TÉCNICOS:**

- As áreas dentro de parcelas están debuxadas co símbolo 527.1, área de acceso prohibido, cor verde oscura.
- No parque hai mesas debuxadas co símbolo 540.0, obxecto especial feito polo ser humano, que é unha equis negra. As bancadas de pedra debuxaronse cunha liña negra un pouco máis ancha que as liñas de beirarrúa.
- Debuxaronse todas as portas que dan acceso aos diferentes recintos (agás o campo de herba artificial).

Máis información actualizada en:

- <http://agaco.es/>
- <http://ori-trevinca.blogspot.com.es/>

*Xan M. Trigo Recarey*

Delegado AGaCO-Ourense

Ourense, 20 de marzo de 2013